

PAU (MAIORES DE 25 ANOS)
Convocatoria 2026
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN (Cód. 24)

1.- **TRADUCCIÓN:** cualifícase entre CERO (0) e CINCO (5) puntos. Valórase a exactitude na comprensión do texto latino, das súas estruturas gramaticais e do seu contido, e a precisión e a corrección na tradución do texto orixinal á lingua de destino. Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

Texto 1:

Tiberio exerceu o poder con grande indolencia, con grave crueldade, con criminal avaricia, con vergonzosa lascivia. En efecto, en ningún sitio loitou en persoa, fixo as guerras a través dos seus legados. El no vixésimo terceiro ano do seu mandato morreu en Campania con grande alegría de todos.

Texto 2:

Un asno veu unha lira tirada nun prado.

Acercouse e palpou as cordas co pezuño;

soaron ao ser tocadas. Dixo: "É cousa fermosa, pero,

por Hércules, saíu mal, porque son descoñecedor da arte".

2.- **GRAMÁTICA:** cualifícase entre CERO (0) e UN (1) punto. Valórase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento sinalado e as estruturas sintácticas a que dan lugar. Considérase válido calquera método de análise correcto.

3.- **TEORÍA:** cualifícase entre CERO (0) e CATRO (4) puntos, DOUS (2) puntos máximo para cada unha das dúas preguntas que hai que responder das catro propostas. No caso de responder a máis de dúas cuestións tense só en conta as dúas contestadas en primeiro lugar. Valórase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección da exposición.

1) Débese sinalar o prefixo de orixe latina e explicar o significado que aporta á palabra correspondente.

2) Débese explicar o significado das expresións latinas.

3) Hai que explicar o significado dos topónimos de orixe latina.

4) Hai que comentar brevemente as principais características da comedia latina: temas, personaxes, forma e lingua.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Asdo.: José Carracedo Fraga

Presidente da Comisión de Avaliación